



REAL  
ACADEMIA  
GALEGA



## III CERTAME DE MICRORRELATOS CONVOCADO POR PUNTOGAL E A REAL ACADEMIA GALEGA

A ASOCIACIÓN PUNTOGAL e A REAL ACADEMIA GALEGA organizan conxuntamente un concurso de microrrelatos que ten como obxectivo reforzar a presenza da lingua e da identidade propias no mundo dixital.

### BASES

#### 1. Participación

- a) Poderán concursar todas as persoas que o desexen, calquera que sexa a súa nacionalidade.
- b) As persoas menores de idade deberán acompañar o microrrelato dunha autorización do pai, nai ou titor/a legal.

#### 2. Sobre os textos / microrrelatos

- a) Os relatos deberán estar escritos en lingua galega, ser orixinais e inéditos.
- b) O tema dos microrrelatos é libre.
- c) Cada participante poderá presentar un único microrrelato.
- d) As obras terán unha extensión máxima de 200 palabras (título incluído) en letra Arial 12 e 1,15 puntos nas interliñas.
- e) Presentaranse en formato .doc ou .docx.

#### 3. Normas sobre o envío de textos

- a) Os microrrelatos enviaranse por correo electrónico ao enderezo [actividades@academia.gal](mailto:actividades@academia.gal)
- b) No correo deber figurar como **asunto**: Certame de microrrelatos. Infantil/Xuvenil/Adultos (a categoría que corresponda), e acompañarase de dous documentos (**A** e **B**) en formato .doc ou docx.
  - **Documento A.** Nomearase co **Título do microrrelato**. Conterá o texto do microrrelato sen sinatura e baixo un pseudónimo.
  - **Documento B.** Nomearase do seguinte xeito: **Título do microrrelato-Pseudónimo**. Conterá o título do microrrelato, o pseudónimo e mais datos da persoa concursante: nome e apelidos, enderezo postal, correo electrónico, teléfono e copia dixital do DNI.
- c) No caso de que a persoa concursante sexa menor de idade, xuntarase a maiores unha autorización asinada polo pai, a nai ou o/a titor/a legal cos seus datos correspondentes (pódese descargar un modelo en [i.gal/E9xex](http://i.gal/E9xex)).



- d) Os relatos recibidos sen identificación ou con identificación incompleta quedarán automaticamente excluídos do concurso.

#### 4. Período de presentación

O prazo para a presentación de textos estará aberto desde as 00:01 horas do sábado 1 de febreiro de 2020 ata as 23:59 horas do sábado 29 de febreiro de 2020.

#### 5. Categorías

Establécense tres categorías

Infantil: ata 11 anos

Xuvenil: de 12 a 17 anos

Adultos/as: de 17 anos en diante

#### 6. Premios

- a) Distribuiranse tres premios por cada unha das categorías

##### Infantil

- Primeiro premio: Lego Boost, un lote de libros infantís e *merchandising* de PuntoGal.
- Segundo premio: unha tableta, un lote de libros infantís e *merchandising* de PuntoGal.
- Terceiro premio: un lote de libros infantís e *merchandising* de PuntoGal.

##### Xuvenil

- Primeiro premio: Play Station 4, un lote de libros xuvenís, un dominio gratuito .gal durante un ano e *merchandising* de PuntoGal.
- Segundo premio: Kindle, un lote de libros xuvenís, un dominio gratuito .gal durante un ano e *merchandising* de PuntoGal.
- Terceiro premio: un lote de libros e *merchandising* de PuntoGal.

##### Persoas adultas

- Primeiro premio: Un MacBook Air 13.3 SG/1.6GHZ, un lote de libros da Real Academia Galega, un dominio gratuito .gal durante un ano, *merchandising* de PuntoGal e un lote de publicacións da revista *Luzes*.
- Segundo premio: un Kindle 6wifi negro ou modelo similar, un lote de libros da Real Academia Galega, un dominio gratuito .gal durante un ano, *merchandising* de PuntoGal e un lote de publicacións da revista *Luzes*.
- Terceiro premio: un lote de libros da Real Academia Galega, *merchandising* de PuntoGal e un lote de publicacións da revista *Luzes*.



- b) O dominio gratuíto entregarase cun código de desconto que se poderá permutar nun rexistrador indicado por PuntoGal. No caso dos/as menores o dominio será rexistrado polo pai, a nai ou o/a titor/a legal.
- c) A organización reserva o dereito a cambiar o premio da promoción por outro de igual ou superior valor cando concorra causa xustificada. Non se poderá substituír o premio polo seu valor económico nin cederse a outra persoa distinta da gañadora.
- d) Os modelos e as características concretas dos dispositivos que forman parte dos distintos premios poden consultarse na web [www.asociacion.gal](http://www.asociacion.gal).

## **7. Xurado**

- a) O xurado estará formado por dous membros da Real Academia Galega, dous membros da Asociación Puntogal e un membro do comité de redacción da revista *Luzes*. Terá facultades plenas para decidir as persoas gañadoras e a súa decisión será inapelable. Poderá declarar deserto algún dos premios se así o considera. A composición farase pública canda a resolución do premio.
- b) O xurado reserva para si o dereito a non admitir aqueles microrrelatos que atenten contra os dereitos á intimidade, á honra e á propia imaxe de terceiros ou que conteñan, a modo enunciativo pero non limitativo, connotacións racistas, sexistas e/ou discriminatorias, comentarios obscenos, difamatorios ou calquera outros que atenten contra a dignidade e/ou a orde pública.

## **8. Comunicación do resultado do certame**

- a) A decisión do xurado darase a coñecer na semana do Día do Libro a través das web das entidades convocantes, [www.academia.gal](http://www.academia.gal) e [www.asociacion.gal](http://www.asociacion.gal), e nas súas redes sociais.
- b) A organización entregará os premios ás persoas gañadoras nun prazo máximo de 60 días laborables dende a publicación da decisión do xurado. Os premiados deberán facilitar previamente unha copia do seu DNI para verificar os datos.

## **9. Publicación**

- a) A organización do certame publicará os microrrelatos gañadores nas súas páxinas web e nas redes sociais. Igualmente, a revista *Luzes* publicará os relatos gañadores e unha escolma doutros textos presentados ao concurso.



**REAL  
ACADEMIA  
GALEGA**



- b) Coa participación no certame, os/as autores/as autorizan a organización do certame, sen contraprestación ningunha e de maneira expresa, a reproducir (total ou parcialmente), comunicar publicamente (total ou parcialmente) e distribuír (total ou parcialmente) os seus microrrelatos en calquera forma ou soporte, para todo o mundo e no prazo que autorice a lexislación vixente. A organización respectará, en todo caso, os dereitos morais que os/as autores/as posúan sobre as súas obras.

## **10. Tratamento de datos persoais**

En cumprimento do previsto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal (LOPD) e o Real Decreto 1720/2007, de 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da LOPD, os datos dos participantes serán incorporados a un ficheiro responsabilidade de PuntoGal e a Real Academia Galega, coa única finalidade de xestionar os premios desta promoción e de contactar coas persoas gañadoras. En ningún momento se empregará esta información para posteriores promocións.

Os autores e autoras poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, oposición e cancelación mediante escrito ao correo electrónico [info@dominio.gal](mailto:info@dominio.gal) ou á Dirección Xeral PuntoGal, Rúa Tabernas 11, 15001.

PuntoGal e a Real Academia Galega comprométense a tratar en todo momento os seus datos de carácter persoal de forma absolutamente confidencial e de acordo coas finalidades previstas nas presentes bases.

## **11. Observacións**

- a) A organización do certame ten a capacidade de decidir sobre a interpretación das bases en última instancia ou sobre a súa modificación en caso de erro sendo a súa decisión inapelable.
- b) O feito de participar neste certame implica a total aceptación das súas bases.